


www.aviladomaña.gal

# A Vila do Mañá



A VILA DO MAÑÁ, TOURO TRABALLANDO COA LITERATURA GALEGA

Sandra González Álvarez



XUNTA DE GALICIA





Deputación DA CORUÑA



Concello de Touro

A VILA DO MAÑÁ, TOURO  
TRABALLANDO COA LITERATURA GALEGA  
Sandra González Álvarez



**Autora:** GONZÁLEZ ÁLVAREZ, Sandra.  
**Prólogo:** AGRASAR QUIROGA, Fernando.  
**Nota introductoria:** REY SUÁREZ, Darío.

**Equipo de traballo:** PØST arquitectos: Lara Caamaño Fernández, Antonio Vázquez Rosales, Laura del Monte Rodríguez, Esmeralda Vázquez Prieto e Blanca Díaz Piñeiro.  
A Coruña, 2023.

A VILA DO MAÑÁ, TOURO  
traballando coa Literatura Galega

ISBN: 978-84-09-54268-0  
Depósito Legal: C 1491-2023  
IBIC: AMVD-1DSE-AFKN-YQA-YQNP  
ISSN: 2530-9226 (A Vila do Mañá/La Ciudad del Mañana)

Nº de páxinas: 145  
21x21cm  
Índice: pp. 4-5

**Edición:** PØST arquitectos.

**Deseño:** Sandra González Álvarez (PØST arquitectos).

**Maquetación:** PØST arquitectos.

**Fotografías:** PØST arquitectos.




















**Ilustracións:** Sandra González Álvarez.

**Debuxos de cuberta:** Sandra González Álvarez.

**Distribución:** PØST arquitectos, Juan Flórez 129, 8D, 15005 A Coruña (A Coruña).

© PØST arquitectos, 2023  
Juan Flórez 129, 8D  
15005 A Coruña  
© Sandra González Álvarez  
[www.aviladomaña.gal](http://www.aviladomaña.gal)

*Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do Copyright.*





## ÍNDICE

TOURO HOXE E NO CAMIÑO DO MAÑÁ Darío Rey Suárez	7
AS PALABRAS E O ESPAZO ESENCIAL Fernando Agrasar Quiroga	9
1   DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”	13
2   OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ”	17
3   “A VILA DO MAÑÁ” EN TOURO	23
4   COÑECENDO TOURO	107
5   O MAÑÁ ESTÁ NAS VILAS	157



## TOURO HOXE E NO CAMIÑO DO MAÑÁ

A configuración dos espazos públicos debe partir das necesidades e gustos da veciñanza. É foi así como dende o concello de Touro decidimos comezar un novo camiño para crear espazos habitables que faciliten a convivencia e a mobilidade. E para comezar este camiño non hai mellor forma que contar coa perspectiva dos máis cativos; serán eles os que nos axuden a crear unha vila que facilite o xogo seguro nas rúas, compartir espazos e momentos de xeito interxeracional e conservar os elementos patrimoniais para que as vindeiras xeracións tamén teñan o dereito a disfrutar deles.

A elección da localización da intervención urbana levada a cabo este ano non foi casual, senón que se trata dun dos lugares con maior visibilidade no núcleo da capital municipal. Un espazo que anteriormente estaba degradado, e que despois da intervención levada a cabo pola cativada xa loce como un lugar de referencia para visibilizar as posibilidades de mellora e integración paisaxística que executaremos dende o concello.

En Touro seguiremos camiñando da man da veciñanza para facer do noso municipio un lugar mellor para vivir.

Darío Rey Suárez  
Concelleiro de Cultura e Educación do Concello de Touro





## AS PALABRAS E O ESPAZO ESENCIAL

Esta publicación é o testemuño escrito e visual sobre o proxecto pedagógico e arquitectónico *A Vila do Mañá* na súa edición en Touro. O xa longo percorrido deste obradoiro aproxima a conciencia do espazo compartido aos máis novos, grazas á tenacidade da súa creadora e impulsora e á receptividade dos responsables das institucións que souperon ver o interés do seu proxecto, fan que xa sexan dous as principais iniciativas protagonizadas pola idea de a necesidade de que os nenos e nenas tomen conciencia da importancia das súas paisaxes, vilas e patrimonio construído: o *Proxecto Terra*, impulsado polo Colexio de Arquitectos de Galicia e máis *A Vila do Mañá*. Ambas dúas son síntomas positivos da vitalidade da sociedade civil galega.

Na edición en Touro de *A Vila do Mañá* emprégase a literatura como vehículo para desenvolver os obradoiros nas rúas e espazos da vila, donde os rapaces conectan a memoria das palabras, a herdanza da nosa literatura ca súa propia experiencia de vivir. Versos e muros, portas, beirarrúas ou árbores, todos son elementos que constrúen o espazo esencial da poboación: o espazo da nosa memoria, da nosa experiencia. Os moitos rapaces que teñen pasado, e pasarán, polos obradoiros de *A Vila do Mañá* terán conciencia de habitar un medio construído herdado, conectado ca súa experiencia vital e sobre o que aprenderon a actuar sensiblemente. Este é o gran valor deste proxecto pedagógico, pero posúe outros.


A intelixencia creativa e propositiva do arquitecto holandés Rem Koolhaas, acreditada polas súas obras e máis o seu pensamento, difundido a través de publicacións e mostras, centrou, fai pouco, a súa atención no medio rural. O Museo Guggenheim de Nova Iorque abriu unha mostra titulada *Countryside, Future*, en febreiro de 2020, no momento no que todos pechámomos nas casas pola ameaza planetaria da pandemia do COVID. Koolhaas plantexou unha reflexión nova, aberta e crítica sobre o espazo rural, despois de tanta insistencia nun futuro radicalmente urbano. No libro editado por Koolhaas y publicado por Taschen, *Countryside, a Report*, con ocasión da mostra do Guggenheim, o arquitecto escribiu esta idea:

*“The inevitability of Total Urbanization must be questioned, and the countryside must be rediscovered as a place to resettle, to stay alive; enthusiastic human presence must reanimate it with new imagination.”*

O necesario impulso da presenza humana no campo precisa de unha “nova imaxinación”, de novas ideas e de novos incentivos. Sen dúbida, os nenos e nenas que participaron en A Vila do Mañá estarán nas mellores condicións para pensar, reflexionar e imaxinar un futuro no rural, interesante, próspero e sostible, para eles e para os demais. Percorrendo as páxinas desta publicación, lendo os fragmentos literarios e vendo as fermosas imaxes da rapazada traballando e xogando nas rúas de Touro, ábrese unha perspectiva máis luminosa do futuro. Rem non se equivoca, nin Sandra.

Fernando Agrasar Quiroga

Dr. Arquitecto, Profesor do Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña





## 1 DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”

(Fonte Díaz, 2023)

Nun tempo tivemos medo do monte. Era o monte do lobo, do ogro, da escuridade. Era o lugar onde nos podíamos perder. Cando os avós contábannos contos, o monte era o lugar preferido para ocultarse os inimigos, as trampas, as angustias. [...] Nun tempo, sentímonos seguros entre as casas, na cidade, co veciñanza. Este era o sitio onde buscábamos aos compañeiros, onde os atopábamos para xogar xuntos. Alí estaba o noso sitio, o sitio onde nos escondíamos, onde organizábamos a cuadrilla, onde xogabamos ás nais e pais, onde escondíamos o tesouro... [...] Pero en poucas décadas, todo cambiou. Houbo unha transformación tremenda, rápida, total, como nunca a viu a nosa sociedade (polo menos segundo consta na historia documentada). [...] O monte pasou a ser belo, luminoso, obxecto de soños e de desexos. A cidade, en cambio, converteuse en algo sucio, gris, monstruoso. [...] Nos últimos decenios, e dun xeito totalmente evidente nos últimos cincuenta anos, a cidade, nacida como lugar de encontro e de intercambio, descubriu o valor comercial do espazo e alterou todos os conceptos de equilibrio, benestar e comunidade para seguir soamente programas de beneficios, de intereses. Vendeuse, prostituíuse. [...] A cidade é agora como o monte dos nosos contos.<sup>1</sup>

<sup>01</sup> Tonucci, Francesco. *La ciudad de los niños*. 1997. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Como podemos recuperar a identidade das nosas vilas?...como as nosas vilas poderían ser de novo ese lugar de encontro e de intercambio?... como volver sentirnos seguros entre as casas, na veciñanza, na vila?... como volver facer que a vila sexa o noso sitio, o noso lugar?... que debemos facer para que a vila deixe de ser algo sucio, gris, monstruoso?... estas son as cuestións que nos a continuar co proxecto: “A Vila do Mañá”.

“A Vila do Mañá” é un **proxecto educativo**, de **divulgación** e de **acción**, cuxo obxectivo é que dende a infancia e adolescencia e a través do xogo se tome conciencia de todas as escalas do común: a arquitectura, o patrimonio tanxible e intanxible, o urbanismo e a paisaxe, fomentando a **participación protagónica** como parte dunha **ciudadanía activa** <sup>2</sup>. Á vez que dende a disciplina política, social e arquitectónica se tome conciencia dunha nova visión da vila, que é a que nos achegan os que serán os habitantes do mañá.

O reto principal é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común (praza, barrio, vila, paisaxe...), dotándoos das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade, dende a arte e a arquitectura. O fin é provocar neles o despertar dunha nova mirada sobre os espazos nos que desenvolven a súa vida.

Queremos dar voz aos que normalmente non a teñen, as nenas, nenos e adolescentes, impulsando o seu dereito para formarse un xuízo propio do hábitat no que viven e a poder expresalo e poñelo de manifesto. Buscamos estimular unha actitude crítica para impulsar o seu desenvolvemento como unha cidadanía activa, pois eles serán os responsables das vilas futuras.

Como síntese das nosas ideas podemos afirmar que: entendemos a vila como taboleiro de xogo, como lugar de encontro e como laboratorio de aprendizaxe para as nenas, nenos e adolescentes que, a través de ferramentas propias, como son o seu propio movemento e o xogo, teñen que descubrir, vivir, coñecer e valorar o seu hábitat para poder actuar nel; defendemos o dereito <sup>3</sup> das nenas, nenos e adolescentes ás

<sup>02</sup> Artigo 11. Ciudadanía activa. 1. Os poderes públicos deben promover o dereito dos nenos e os adolescentes para participar activamente na construción dunha sociedade máis xusta, solidaria e democrática. 2. Os poderes públicos deben fomentar a solidariedade e a sensibilidade social para que se incremente a participación social dos nenos e os adolescentes e xérense espazos sociais novos que dinamicen a participación responsable deste sector da poboación e favorezan a convivencia e a integración social no ámbito veciñal e local. (Ley 14/2010, de 27 de mayo, de los derechos y las oportunidades en la infancia y la adolescencia. Publicado: BOE núm. 156, de 28/06/2010 )

<sup>03</sup> Ao artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN), que é a base da primeira definición do dereito dos nenos, nenas e adolescentes a participar, vemos dous elementos clave: Que sexan escoitados e que a súa opinión sexa tomada en conta, podemos engadir o enfoque de dereitos da infancia, en concreto dereito á participación “Artigo 34. Dereito de participación 1. As persoas, nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a participar plenamente nos seus núcleos de convivencia máis inmediatos e na vida social, cultural, artística e recreativa da súa contorna. Os poderes públicos deben ofrecer as oportunidades necesarias ás persoas nenos, nenas e adolescentes para a súa incorporación progresiva á cidadanía activa, de acordo co seu grao de desenvolvemento persoal”. 2. As administracións públicas deben establecer procedementos destinados a recoller as súas opinións en relación coas políticas, normas, proxectos, programas ou decisións que lles afecten”.

<sup>04</sup> Borja, Jordi. *La ciudad conquistada*. 2003. Madrid: Alianza Editorial.

ciudades, como parte dunha cidadanía activa, a cal será a que herde e desenvolva as vilas do futuro; remarcamos a importancia do hábitat no que as nenas, nenos e adolescentes viven na súa relación identitaria con el; e por último consideramos a arte e a arquitectura como ferramentas educativas que nos permiten levar a cabo este proxecto.

“A Vila do Mañá” está a desenvolverse mediante diferentes talleres nos Concellos de Galicia. Realizouse en Rianxo, Ames (Bertamiráns e Milladoiro), Verín, A Pobra do Caramiñal, Mondoñedo, Ribeira, Carballo, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Arteixo, Ferrol, Malpica, Santiago de Compostela, Arzúa, Silleda, Barbadás, Touro, As Pontes de García Rodríguez, Curtis (Teixeiro e Curtis), Vimianzo, Vigo, Miño (Bemantes e Xarío) e São Paulo (Brasil). É realizado polo equipo de PØStarquitectos, foi financiado polos diferentes Concellos e pola Deputación da Coruña (programa de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña durante o ano 2019), recibe o apoio da Asociación para A Defensa do Patrimonio Cultural Galego (APATRIGAL), do Grupo de Investigación en Composición Arquitectónica y Patrimonio (giCAP) da Universidade da Coruña, e da Fundación Roberto Rivas. O proxecto púxose a proba, en marzo do 2019, dando o salto das vilas galegas a gran metrópoli Paulistana coa colaboración do Grupo de Pesquisa Cidade Gênero e Primeira Infancia da FAU-Mackenzie (Faculdade de Arquitetura e Urbanismo da Universidade Presbiteriana Mackenzie) e financiado polo Instituto Brasileira.

A cidade é -e é un tópico pero non por iso banal ou falso- a realización humana máis complexa, a produción cultural máis significativa que recibimos da historia. [...] A cidade nace do pensamento, da capacidade de imaxinar un hábitat, non só unha construción para acubillarse, non só un templo ou unha fortaleza como manifestación do poder. Facer a cidade é ordenar un espazo de relación, é construír lugares significantes da vida común. A cidade é pensar o futuro e logo actuar para realizalo. As cidades son as ideas sobre as cidades.<sup>4</sup>

Jordi Borja





## 2 OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ”

<sup>05</sup> Chinchilla, Izaskun. *La ciudad de los cuidados*. 2020. Madrid: Los libros de la Catarata.

Fronte á actual concepción das cidades; citando a Izaskun Chinchilla: “quen as deseñaron, administraron e gobernaron fixérono sen completar esas outras dimensións (que as definicións da RAE ignoran) facendo cidades unidimensionais baseadas na produción, e sobre a súa comprensión da realidade primou o principio de actuación. Estas cidades conciben, o espazo público como o espazo que nos permite chegar a traballar dende a nosa casa, sen indagar se para uns a rúa é sinónimo de relación e encontro e para outros leva engadido exposición e risco”<sup>5</sup>; “A Vila do Mañá” comeza por tratar de entender como son as nosas vilas dende a óptica de esas outras dimensións: nenas, nenos, mozas e mozos.

A día de hoxe e observando as respostas dos participantes en “A Vila do Mañá”, podemos afirmar que a conexión natural entre as nenas, nenos, adolescentes e o seu hábitat, o lugar onde crecen e desenvólvense, a vila na que viven, está diluída, é apenas existe. A vila é un medio hostil para eles, perderon a súa liberdade, a cal se limita a certos recintos considerados seguros e controlados por adultos.

<sup>06</sup> Domènech, Mar. (23 de Novembro de 2018). ENTREVISTA | Sandra González, arquitecta “El futuro de una ciudad son los niños: si es buena para ellos, es buena para todos”. *elDiario.es*. Recuperado de [https://www.eldiario.es/nidos/futuro-ciudad-ninos-buena\\_128\\_1828483.html](https://www.eldiario.es/nidos/futuro-ciudad-ninos-buena_128_1828483.html)

As novas xeracións, os habitantes do mañá, descoñecen na súa totalidade a súa vila ou cidade, viven nunha “caixiña”, desprázanse noutra “caixiña” máis pequena e chegan a unha “caixa” maior (chámeselle colexio, centro comercial, polideportivo, ... ou parque infantil). Esta é a súa relación coa súa contorna.<sup>6</sup>

Sandra González Álvarez

Fronte a esta imaxe do espazo público de hoxe en día, “A Vila do Mañá” parte de entender o barrio, a vila ou a cidade como unha ferramenta educadora, non neutra, á que nos aproximamos dende o xogo. Convertendo a súa contorna nun taboleiro de xogo e nun laboratorio de experimentación onde as nenas, nenos e adolescentes son os protagonistas das transformacións da súa contorna.

Recupéranse algunhas das ideas propostas polo arquitecto holandés Aldo van Eyck (1918-1999), nas que se outorgaba á nena, neno ou adolescente a oportunidade de descubrir a cidade dende o seu propio movemento, que ten que ser desenvolvido a través dos seus xogos debido a que é a súa maneira natural de coñecer o mundo. Somos conscientes de que, actualmente, isto xera un conflito nas rúas e prazas, o cal desexamos provocar, evidenciar e poñer de manifesto dende “A Vila do Mañá”. Que sucede cando os espazos públicos son ocupados por nenas, nenos ou adolescentes?, e que sucede cando o modifican e transforman? Dende ese conflito, queremos transformar a imaxe da vila ou cidade que teñen as nenas, nenos e adolescentes e, ao mesmo tempo, facelos visibles neses espazos a ollos dos adultos.

A oportunidade de que o neno descubra o seu propio movemento forma parte da cidade en si; a cidade tamén é un espazo de xogo. O neno utiliza todos os elementos da cidade, todos os obxectos construídos, todas as superficies polas que pode agatuar ou trepar. Os nenos saben xogar moi ben con estas cousas, aínda que non teñan permiso para iso.<sup>7</sup>

Aldo van Eyck

<sup>07</sup> van Eyck, Aldo. “Sobre el diseño del equipamiento lúdico y la disposición de los espacios de juego” (1962) en: *Playgrounds. Reinventar la plaza*, (Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía; Siruela, 2014), 121-122.

O xogo é unha actividade fundamental para o desenvolvemento das nenas, nenos e adolescentes. É un poderoso instrumento de aprendizaxe para actitudes, comportamentos e valores dunha sociedade. Durante a infancia aprendemos xogando e, por iso, “A Vila do Mañá” desenvólvese a través do xogo como ferramenta fundamental.

Buscase unha aprendizaxe actuando na realidade, no local, abordando situacións espaciais que poden ser coñecidas de antemán e que se redescubren dende unha nova perspectiva. Tamén se busca a acción a través do movemento da nena, neno ou adolescente, de redescubrir o espazo dende a máxima liberdade do xogo.

Outra idea que fundamenta “A Vila do Mañá” xorde do dereito á cidade, tal como defendía Henri Lefebvre, polo que as persoas que habitan nela teñen dereito ao seu goce, á súa transformación e a que reflicta a súa maneira de entender a vida en comunidade. Dende este punto de vista, como non incluír o dereito de nenas, nenos e adolescentes á súa vila? Por iso, considerase o espazo público como un espazo común de aprendizaxe e construción colectiva no que a infancia e a adolescencia tamén debe ter cabida.

<sup>08</sup> Lefebvre, Henri. *El derecho a la ciudad*. 1975. Barcelona: Península.

Habitar, para o individuo ou para o grupo, é apropiarse de algo. Apropiarse non é ter en propiedade, senón facer a súa obra, moldeala, formalala, poñer o selo propio. Habitar é apropiarse dun espazo [...] Con este termo [apropiación] non nos referimos a propiedade; é máis, trátase de algo totalmente distinto; trátase do proceso segundo o cal un individuo ou grupo aprópiase, transforma no seu ben, algo exterior.<sup>8</sup>

Henri Lefebvre

A vila, a paisaxe, as rúas, as prazas cos seus elementos, o mobiliario, os baleiros, ... son bens comúns que se busca que as nenas, nenos e adolescentes recoñezan como seus dende diferentes puntos de vista: dende a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

Preténdese que adquiran un maior coñecemento da vila na que viven; unha apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas rúas e prazas; o empoderamento espacial xunto con outras nenas, nenos e adolescentes favorecendo a súa convivencia; a valoración do lugar no que viven a través dunha nova mirada sobre

o seu hábitat; facerlles responsables da contorna; coñecer os elementos que conforman o lugar inmaterial; e, sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora.

Con “A Vila do Mañá”, a vila na que viven non é unha idea abstracta, nin é unha serie de pequenas imaxes parciais; comeza a entenderse como unha contorna moito máis complexa e ampla, que nos aproxima á noción de hábitat: o espazo que transcende a súa localización física nun territorio no que resolvemos as nosas necesidades, establecendo relacións con outras persoas e co medio, tanto natural como construído; implicando procesos nos que se transforma, pero nos que tamén somos transformados. O hábitat implica tamén a memoria e o simbólico da comunidade. O hábitat como sistema de relacións e procesos que se xeran entre tres elementos: a natureza, a sociedade e o habitante.

A palabra hábito é unha palabra demasiado gastada para expresar esa ligazón apaixonada do noso corpo que non esquece a casa inesquecible.<sup>9</sup>

Gastón Bachelard

<sup>09</sup> Bachelard, Gastón. *La poética del espacio*. 2000. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

Quérese dar voz aos que normalmente non a teñen, as nenas, nenos e adolescentes, impulsando o seu dereito (Artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do neno. UNICEF. 2006) para formarse un xuízo propio do hábitat no que viven e a poder expresalo e poñelo de manifesto. Búscase estimular unha actitude crítica para impulsar o seu desenvolvemento como unha cidadanía activa, pois eles serán os responsables das vilas e cidades do futuro. Conformar, por tanto, as bases dunha cidadanía crítica a través da participación protagónica.

Preténdese traballar nos espazos públicos para transformalos en espazos comúns. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey (1935), é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por

parte da cidadanía mediante unha acción política para convertelos en espazos comúns.

<sup>10</sup> Harvey, David. *Ciudades rebeldes Del derecho de la ciudad a la revolución urbana*. 2013. Madrid: Ediciones Akal.

Reclamar o dereito á cidade no sentido en que eu o entendo supón reivindicar algún tipo de poder configurador do proceso de urbanización, sobre a forma na que se fan e refan as nosas cidades, e facelo dun modo fundamental e radical.<sup>9</sup>

David Harvey

O obxectivo é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común, dotándolles das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade dende a arte e a arquitectura, co fin de provocar neles o espertar dunha nova mirada e xerar vínculos de identidade cos espazos nos que habitan.



### 3 A VILA DO MAÑÁ EN TOURO

Cando “A Vila do Mañá” chega a Touro, atópase que a súa vila principal, Fonte Díaz, carece practicamente de elementos identitarios, a vila non ten un patrimonio recoñecible como ocorre na maioría das vilas galegas, o seu elemento mais singular é unha vella discoteca case en desuso. E neste punto propónse o reto: como dotar dunha nova identidade a Fonte Díaz con pequenas accións.

<sup>11</sup> Lerner, Jaime. *Acupuntura urbana*. 2004. Barcelona: Institut d'Arquitectura Avançada de Catalunya.

Creo que podemos e debemos aplicar algunhas “maxias” da medicina ás cidades, pois moitas están enfermas, algunhas case en estado terminal. Do mesmo xeito en que a medicina necesita a interacción entre o médico e o paciente, en urbanismo tamén é necesario facer que a cidade reaccione. Tocar unha área de tal modo que poida axudar a curar, mellorar, crear reaccións positivas e en cadea. É necesario intervir para revitalizar, facer que o organismo traballe doutro xeito.<sup>11</sup>

Jaime Lerner

A “acupuntura urbana” que se vai a realizar baséase no único elemento de conexión que atopamos en Fonte Díaz, o nome das súas Rúas.

Serán as verbas de Rosalía de Castro, de Castelao, de Ramón Cabanillas, de Eduardo Blanco Amor, de Eduardo Pondal e de Martín Codax as que transformen o espazo urbano.

De esta forma “A Vila do Mañá”, por unha parte ten a posibilidade



de acercar a os mais novos a nosa cultura literaria, e por outra pode experimentar unha maneira diferente de “facer cidade”, a través dunha estratexia de mellora da contorna urbana coa participación protagónica da infancia e a adolescencia. Xerando así unha nova identidade da vila a través das verbas da nosa Literatura creada polos seus futuros habitantes.

A estratexia abórdase dende a participación protagónica da infancia e adolescencia, impulsando o seu dereito<sup>12</sup> a participar na construción da súa vila, de tal maneira que sexan partícipes e executores dos cambios na súa contorna.

A participación das nenas, nenos, mozas e mozos fai que reflexionen sobre a seu habitat, o seu contexto e toman conciencia do que implica ser suxeito de dereito e a importancia que pode ter a súa participación como motor de cambio no resto da vila.

Eu enfronto a cidade co meu corpo; as miñas pernas miden a lonxitude dos soportais e a anchura da praza; a miña mirada proxecta inconscientemente o meu corpo sobre a fachada da catedral, onde deambula polas molduras e os contornos, sentindo o tamaño dos entrantes e saíntes... Síntome na cidade e a cidade existe a través da miña experiencia encarnada. A cidade e o meu corpo complementáanse e defínense un ao outro. Habito na cidade e a cidade habita en min.<sup>12</sup>

Juhami Pallasmaa

“Enfronto a vila co meu corpo” para realizar a acción traballase coa escala humana enfrontándoa a escala da vila, son as imaxes dos propios participantes as que interpretan as verbas e quedan plasmadas na contorna, “Habito a vila e que a vila habite en min”.

Ía ser a primeira vez que unha acción de “A Vila do Mañá” non fose efémera... pretendíase que durase e transcendera no tempo.

<sup>12</sup> Artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do neno. UNICEF. 2006

<sup>13</sup> Pallasmaa, Juhani. *The Eyes of the Skin: Architecture and the senses*. 2005. Chichester: Wiley-Academy.

## TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COAS VERBAS DE ROSALÍA: (Fonte Díaz, 2021)

O primeiro mural que se executou, está na Rúa Rosalía de Castro, estábamos en agosto do 2021 e a sombra da Pandemia aínda estaba moi presente, comenamos analizando que obra de Rosalía era a apropiada para o espazo que se ía intervir, a decisión foi unánime:

### NEGRA SOMBRA


Cando penso que te fuches  
negra sombra que me asombras,  
ó pe dos meus cabezales  
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida  
no mesmo sol te me amstras  
i eres a estrela que brila  
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas  
si choran, es ti que choras  
i es o marmurio do río  
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo  
pra min i en min mesma moras,  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombras.<sup>13</sup>

<sup>14</sup> de Castro, Rosalía. *Follas Novas*. 1880. Madrid: Adaba Editores.



















## TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COAS VERBAS DE ROSALÍA: (Fonte Díaz, 2022)

Na segunda edición de “A Vila do Mañá” en Touro, continúaase traballando coa obra de Rosalía de Castro, nesta ocasión non é na propia Rúa, pero o mural sitúase de tal forma que fai de eixo visual da Rúa Rosalía de Castro, nesta ocasión este espazo central de Fonte Díaz é invadido polas verbas de:

### ADIÓS RÍOS, ADIÓS FONTES

Adiós ríos, adiós fontes  
adiós regatos pequenos,  
adiós vista dos meus ollos,  
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,  
terra donde m’eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiña do meu contento.

Muíño dos castañares,  
noites craras de luar,  
campaniñas timbradoras  
da igrexiña do lugar.

Amoriñas das silveiras  
que eu lle daba ó meu amor,  
camiñiños antr'o millo,  
¡adiós, para sempr' adiós!

¡Adiós, gloria!, ¡Adiós, contento!  
¡Deixo a casa onde nacín,  
deixo a aldea que conoço,  
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,  
deixo a veiga polo mar;  
deixo, en fin, canto ben quero...  
¡quén puidera non deixar!

.....

Mais son prob'e, mal pecado,  
a miña terra n'é miña,  
qu'hastra lle dan de prestado  
a beira por que camiña  
ó que naceu desdichado.

Téñovos pois que deixar,  
hortina que tanto amei,  
fogueiriña do meu lar,  
arboriños que prantei,  
fontiña do cabañar.

Adiós, adiós que me vou,  
herbiñas do camposanto  
donde meu pai s'enterrou,  
herbiñas que biquei tanto,  
terriña que vos criou.


Adiós, Virxe d'Asunción,  
branca com'un serafín,  
lévovos no corazón:  
pedídlle a Dios por min,  
miña Virxe d'Asunción.


Xa s'oien lonxe, moi lonxe,  
as campanas do Pomar,  
para min ¡ai! coitadiño,  
nunca máis han de tocar.

Xa s'oien lonxe, máis lonxe...  
cada balada é un dolor,  
i voume soio, sin arrimo....  
Miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!

Adiós tamén, queridiña...  
¡adiós por sempre quizais!...  
Dígoch'este adiós chorando  
desd'a beiriña do mar.  
Non m'olvides, queridiña,  
si morro de soidás.  
tantas légoas mar adentro...  
¡Miña casiña!, ¡meu lar!<sup>14</sup>























TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COAS VERBAS DE CABANILLAS:  
(Fonte Díaz, 2022)

Empezamos buscando entre a súa obra, aquel poema que se puidese adaptar aos tempos que estabamos a vivir e ao espazo que tíñamos para intervir. A obra que mellor encaixaba era:

¡EN PÉ!

¡Irmáns! En pé sereos  
a limpa fronte erguida,  
envoltos na brancura  
da luz que cae de riba,  
ocorazón aberto  
a toda verba amiga  
e nunha man a fouce  
e noutra man a oliva,  
arredor da bandeira azul e branca,  
arredor da bandeira de Galicia,  
¡cantémo-lo dereito  
á libre nova vida!

Validos de traidores  
a noite de Frouseira  
á patria escravizaron  
uns reises de Castela.  
Comestas polo tempo  
xa afrouxan as cadeas...  
¡Irmáns asoballados



de xentes estranxeiras,  
ergámo-la bandeira azul e branca!

E ó pé da enseña da nación galega  
cantémo-lo dereito  
á libertá da Terra!

Ílrmáns no amor a Suevia  
de lexendaria historia,  
íen pé! íEn pé dispostos  
a non morrer sen loita!  
íO día do Medulio  
con sangue quente e roxa  
mercámo-lo dereito  
á libre, honrada chouza!  
íXa está ó vento a bandeira azul e branca!  
íA oliva nunha man, a fouce noutra,  
berremos alto e forte:  
“A nosa terra é nosa”.<sup>15</sup>

<sup>16</sup> Cabanillas, Ramón.  
*Terra asoballada*. 1917.  
Vilagarcía de Arousa: Akal.



















TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COAS VERBAS DE CABANILLAS:  
(Fonte Díaz, 2021)

Nesta ocasión as verbas de Ramón Cabanillas que invaden o espazo urbano son:

ALMA VIAXEIRA

– ¿Tí en qué pensas, alma miña?  
¿Alma tola, ti onde vas?

– ¡Meu corpiño, vou lonxe!  
¡Onde sempre! ¡Vou alá!  
Vou ver si verdexa o liño,  
si ten gomos o parral,  
si afollaron as pereiras,  
si a fror dos laranxos cai.

Vou ver como creba o río  
nas areas seus cristás,  
si hai botóns roxos no trebo  
e pendóns no milleiral  
e si pintan as cereixas  
e si callan as mazáns.

Vou ver si atopo receda  
nos mallóns do salgueiral  
e a cachear as silveiras,  
anque me firan as mans,

buscando negras amorias  
e niños de pasallás.

Quero ouír o barulleiro  
ruxe-ruxe do pinal,  
mollar os pés nos regueiros,  
sentarme á veira do lar,  
a estumballarme na erba  
miuda do castañal  
e andar a rolos entre ela  
bicando o nativo chan.

Quero ouír cantar o cuco,  
sentir o oubeo dos cans  
e escoitar na lonxanía  
aturuxos e alalás,  
ó erguerse a lúa de prata  
sobre a esmeralda do mar.


Quero rubir ós penedos,  
canta que te cantarás,  
cando o sol morno da tarde  
doura os verdes do val,  
e baixar, ó vir a noite,  
camiño do meu fogar,  
cando tocan as oracións  
melancólicas campás...

¡Vou a ver os meus amores  
que por min chamando están!  
¡Vou a darlle un bico á lousa  
onde dorme miña nai!  
¡Vaite, almiña tola, vaite!  
¡Ai, quén poidera voar! <sup>16</sup>

<sup>17</sup> Cabanillas, Ramón. *No desterro*. 1913. Madrid: Akal.









## TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COAS VERBAS DE CURROS: (Fonte Díaz, 2022)

Para Rúa Curros Enríquez, seleccionouse un poema que fala de como chegou a primeira locomotora a Galicia e con ela o progreso:

### NA CHEGADA A OURENSE DA PRIMEIRA LOCOMOTORA

Velaí ven, velaí ven avantando  
comaros e corgas, e vales, e cerros.  
¡Vinde vela, mociños e mozas!  
¡Saludaina, rapaces e vellos!

Por onde ela pasa  
fecunda os terreos,  
espértanse os homes,  
frolecen os eidos.

Velaí ven, velaí ven tan oupada,  
tan milagrosiña, con paso tan meigo,  
que parece unha Nosa Señora,  
unha Nosa Señora de ferro.

Tras dela non veñen  
abades nin cregos;  
mais vén a fartura  
¡i a luz i o progreso!<sup>17</sup>

<sup>18</sup> Curros, Manuel. *Aires da miña terra*. 1880. A Coruña: Biblioteca Gallega.























TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COAS VERBAS DE MARTÍN CODAX:  
(Fonte Díaz, 2021)

Para a Praza Martín Codax, optouse por:

ONDAS DO MAR DE VIGO

Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo?  
E ai Deus!, se verra cedo?

Ondas do mar levado,  
se vistes meu amado?  
E ai Deus!, se verra cedo?

Se vistes meu amigo,  
o por que eu sospiro?  
E ai Deus!, se verra cedo?

Se vistes meu amado,  
por que ei gran coidado?  
E ai Deus!, se verra cedo?<sup>18</sup>

<sup>19</sup> Codax, Martín. *Cantigas*.  
1998. Vigo: Editorial  
Galaxia.

Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo?  
E aí Deus, se verá cedo!











## TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COAS VERBAS DE BLANCO AMOR: (Fonte Díaz, 2023)

O reto para a Rúa Eduardo Blaco Amor pretende ser un recorrido pola contorna da edificación situada no centro neurálxico de Fonte Díaz, a obra seleccionada é:

### ROMANCE DA SAUDADE

Adiós que me vou chorando.  
A despedida foi boa,  
a volta sabe Dios cando.


Marcheime unha mañán cedo  
quizais para non voltar.  
Remuiños de follas murchas  
pola terra a rebuldar.  
Laiábanse as follas murchas  
embaixo do meu trepar.  
Eu iba coa vista ao lonxe  
sin tornar ollos atrás.  
Os que non ollan ao lonxe  
nunca arredarse podrán  
porque os engados da Terra  
sempre os terán de engadar.  
Nas ponlas dos castiñeiros  
os merlos a se catar;  
a lua coma un coitelo,  
no horizonte a se aguzar;



as estrelas nos relanzos  
deprendían a nadar;  
os arbres aínda dormidos  
daban en se espriguizar;  
mantelos de xoiería  
pola seara e o touzal;  
cheas de anaquiños de ouro  
as cen estradas da mar;  
acesos arcos da vella  
sobre as ondas a bailar;  
polas valgadas do día  
meu pensamento a bogar.  
A miña alma pelegrina,  
como unha frecha sangal,  
hacia o corazón do abrente  
botouse a pelegrinar.  
Detrás de min, saudades  
e diante de min, a mar.  
Marcheime unha mañán cedo  
quizais para non voltar.  
A noite chorara orballo  
névoa choraba a mañán;  
O ceo choraba pérolas  
e froumas o piñeiral;  
as milpéndoras choraban  
pranto de coores no ar;  
O sol choraba raiolas  
e a paisaxe soedá...

iE como todo choraba  
tamén boteime a chorar!  
Marcheime unha mañán cedo  
quizais para non voltar.  
Pro non me marchei de todo  
polas estradas da mar.  
Miñas bágoas sementadas  
quedaron na terra nai,  
i en mes de maio frolecen  
coas outras froles do val. <sup>19</sup>


<sup>20</sup> Blanco, Eduardo.  
*Poemas Galegos*. 1987.  
Vigo: Editorial Galaxia.








































TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COA OBRA DE CASTELAO:  
(Fonte Díaz, 2022)

Buscando na obra gráfica de Castelao seleccionouse aquela que mellor se adaptaba a contorna que se ía intervir:




<sup>21</sup> Castelao. *Cousas da vida*. 1929. Vigo: Editorial Galaxia.

—¿Qué miras?  
—Como comen.







TRANSFORMANDO A PAISAXE URBANA COA OBRA DE CASTELAO:  
(Fonte Díaz, 2021)

Na primeira acción que se fixo na Rúa Castelao, buscouse un tema de total actualidade:



- O que sinto eu é que algún que  
maltratou a miña nai morra detrás  
de que eu chegue a home.

















O QUE SINTO EU É QUE ALGUM QUE  
MALTRATOU A MINHA NAÍ MORRA DENANTES  
DE QUE EU CHEGUE A HOME.













## 4 COÑECENDO TOURO

“A Vila do Mañá” parte de tomar a vila como un taboleiro de xogo, un laboratorio de experimentación, transformando o lugar que habito en algo novo, en algo a descubrir se se mira e percorre con outros ollos.

Como abstracción desta idea créase un “xogo da oca” (Fig. 01) orixinal e inédito, conformado por aqueles elementos arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, artísticos e culturais que configuran a identidade de Touro.








Fig. 01 Taboleiro “A Vila do Mañá, Touro”. Elaboración propia.



Dálle cor a túa vila...













Mis risas, odias  
 frites, odias  
 regatas papusas,  
 odias  
 vista des mas ojos:  
 m'xicando no  
 veamos.




Cando penso que te faches  
 rega sombra que me asombra  
 ó pe dos rios coleriales  
 torres facéndome moia.  
 Cando máis que es ida no  
 mesmo sol te me amostrias  
 ¡ces a esleto que bala  
 ¡ces o vento que eoa.




by [unclear]  
re perros  
nira?  
bla.  
vs?  
[unclear]  
[unclear]







O QUE SINTO EU É QUE ALGUM QUE  
MALTRATOU A MINHA MÃE MORRA DEVIDES  
DE QUE EU CHEQUE A HOME.









 Casa Louzao




os?  
men










Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo?  
E aí Deus, se verá cedo!




o mar do mar de Vigo, se vistes meu amigo? E aí Deus, se verá cedo!



11





12



13










































30




31







ML





















Dálle cor a túa vila...



## LENDA

1. Título: Romance da saudade de Eduardo blanco Amor  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2023 (3ª Edición)
2. Título: Romance da saudade de Eduardo blanco Amor  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2023 (3ª Edición)
3. Título: Adiós ríos, adiós fontes de Rosalía de Castro  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2022 (2ª Edición)
4. Título: Negra sombra de Rosalía de Castro  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2021 (1ª Edición)
5. Título: Alma viaxeira de Ramón Cabanillas  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2021 (1ª Edición)
6. Título: ¡En pé! de Ramón Cabanillas  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2022 (2ª Edición)
7. Título: O que sinto eu... de Castelao  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2021 (1ª Edición)
8. Título: Que miras? de Castelao  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2022 (2ª Edición)
9. Título: Na chegada da primeira locomotora de Curros Enríquez  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2022 (2ª Edición)

10. Título: Ondas do mar de Vigo de Martín Codax  
Autores: Participación protagónica da infancia e a adolescencia  
A Vila do Mañá, Touro 2021 (1ª Edición)

11. Xenerais do Ulla: A comarca natural da Ulla posúe un orixinal entroido rural do que temos testemuñas desde mediados do s.XIX. Os personaxes máis importantes son os Xenerais e os Correos dacabalo.

12. Cruceiro do Barral: Realizado en granito. Cruz de sección circular, leñosa con nos, ten as figuras de Cristo crucificado no anverso e da Virxe Dolorosa no reverso; capitel de forma cuadrangular, pedestal cuadrangular decorado con símbolos da Paixón, sobre plataforma cuadrangular de tres chanzos.

13. Igrexa de San Xoan de Touro: Arquitectura contemporánea na que se pode resaltar o seu campanario exento.

14. Igrexa de Santiso de Cornado: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco, o templo presenta unha planta rectangular dunha nave e cabeceira cadrada destacada, cun arco triunfal de medio punto e cuberta por bóveda de canón.

15. Igrexa de San Miguel de Enquerentes: Igrexa parroquial de planta rectangular con muros de carga de cachotería común, lucida con morteiro de cemento e pintada de cor branca. Espadana de dobre oco que alberga as campás e remate con detalles en pedra e unha cruz sen ornamentos.

16. Igrexa de San Vicente de Bama: Igrexa parroquial que presenta fachada e campanario de estilo neoclásico. Trátase dun edificio construído en granito e con planta en forma de cruz latina. O campanario é de planta cadrada e está cuberto por unha pequena cúpula de planta octogonal.

17. Igrexa de Santiago de Prevediños: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco dedicada a Santiago. Planta dunha soa nave rectangular con cabeceira cadrada destacada en altura. Na fachada destaca a portada con sobradillo de pedra, o nicho coa imaxe do santo e, sobre ela, unha gran xanela.

18. Igrexa San Cristovo de Beseño: Igrexa parroquial que data do s.XVIII e de estilo barroco. Ten planta rectangular, cunha única nave, presbiterio destacado e fábrica revogada de sillares e cachotería de granito.

19. Igrexa de Santa María de Turces: Igrexa de planta rectangular e muros de cachotería común lucida con morteiro de cemento e pintada de branco. A fachada está decorada cunha cruz situada sobre o nome do templo, que pode lerse ao carón da porta de acceso. Destacan as xambas e o lintel decorados cun deseño con grecas e o pequeno nicho sobre a porta que garda unha imaxe da Virxe.

20. Igrexa de Santa Uxía de Fao: Igrexa de planta rectangular. Muros de cachotería lucida con morteiro de cemento, excepto na fachada principal, que é de cantería. A cuberta do edificio é a dúas augas na nave principal, catro augas na capela maior e tres nas capelas laterais. A fachada está coroada por unha espadana de dous ocos que alberga as campás e outro oco superior que inclúe un pequeno campanil. Completan o conxunto diversos ornamentos en pedra e unha cruz de metal. Chama especialmente a atención a pronunciada inclinación do campanario.

21. Igrexa de Santa María de Bendaña: Igrexa de planta rectangular a partir de muros de cachotería común lucidos con morteiro de cemento e pintados de cor branca. Na fachada principal ábrese unha xanela circular sobre a porta de acceso con lintel. Completa a fachada unha espadana de dous ocos que alberga as campás do templo. Igrexa parroquial de planta rectangular con muros de carga de cachotería común, lucida con morteiro de cemento e pintada de cor branca. Espadana de dobre oco que alberga as campás e remate con detalles en pedra e unha cruz sen ornamentos.

22. Igrexa de San Pedro de Ribeira: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco. Planta rectangular dunha nave con cabeceira destacada. Fábrica revogada de sillares de granito e cachotería de lousa.

23. Igrexa de Santa María de Loxo: Igrexa parroquial de planta rectangular, con porta de acceso en arco de medio punto con molduras e unha xanela á altura da tribuna, tamén de medio punto. O corpo de campás confórmao unha torre adxacente á fachada. Destaca o campanario de molduras, con vans de medio punto moi peraltados e fornelo de forma octogonal con oito arcos de medio punto e unha pequena cúpula.

24. Igrexa de Santiago de Andeade: Igrexa do s.XVIII e estilo barroco. Ten planta dunha nave rectangular con cabeceira cadrada. Sobre a porta de ac-



ceso ábrese unha xanela na tribuna, con lixeira bucina e marquetería lisa. Entre a porta e a xanela, unha pequena imaxe dun santo e unha cruz decoran a fachada.

25. Igrexa de San Xoán de Fontes Rosas: Igrexa parroquial construída no s.XVIII e ten unha soa nave de planta rectangular con cabeceira cadrada. O exterior é de sillares de granito encalada. Sobre a porta destaca o nicho que alberga a imaxe do santo patrón. A composición do campanario é rectangular, cun van de medio punto, cornixa e un frontón curvado cun van tamén de medio punto. Ten un pináculo en cada extremo e unha cruz na cima.

26. Igrexa de Santa Mariña de Circes: Igrexa de planta rectangular con muros de cachotería lucidos con morteiro de cemento e pintados de branco.

27. Igrexa de San Xoán de Touro: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco. Planta rectangular dunha nave, con cabeceira cadrada destacada. Fábrica de sillares de granito e cachotería de lousa revogada. Presbiterio con arco de medio punto sobre pilastras e cuberta de bóveda de aresta. O corpo de campás presenta pilastras en esquina, vans de medio punto e cornixa decorada con grandes bólas de pedra. Remata o edificio unha pequena cúpula peraltada. A torre campanario conserva unha inscrición conmemorativa da súa construción.

28. Igrexa de San Breixo de Foxás: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco, con sillares e cachotería de granito revogadas. O templo é de planta rectangular cunha soa nave. O presbiterio, de planta cadrada e con arco de medio punto, está cuberto por unha bóveda de canón. A fachada caracterízase por pilastras de esquinal e pináculos en ambos os extremos. A portada está decorada cunha moldura de orella, sobre a que se atopa un nicho co santo patrón e un pequeno óculo. No alto do estilizado campanario álzase un fornello octogonal con oito vans de medio punto rematado cunha pequena cúpula con pináculo.

29. Igrexa de San Fiz De Quión: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco, construída a base de cachotería e cantería, con planta de cruz latina cuberta por unha bóveda de canón. O cruceiro caracterízase polas dimensións dos seus grandes piares, arcos torales de medio punto e bóveda de aresta. Tamén chama a atención o presbiterio, con arcos formeros destacados e bóveda de

aresta decorada con pinturas ao amorne. Sobre o corpo do campanario, con pilastras en esquina lisas e cornixa e fornelo octogonal, elévase o cupulín, rematado nun pináculo.

30. Igrexa de San Miguel de Vilar: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco e fábrica revogada de sillares e cachotería de granito. De planta rectangular e unha soa nave, presenta unha cabeceira de planta cadrada e unha fachada con pilastras en esquina decorada con dúas pináculos, un en cada lateral. Sobre a portada ábrese un pequeno óculo. No exterior destaca a torre das campás con vans de medio punto. O remate do fornelo presenta forma octogonal con pilastras nos ángulos, cornixa moldurada e un cupulín peraltado con nervios resaltados.

31. Igrexa de San Martiño de Calvos: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco, está construída a base de sillaría e cachotería de granito revogadas e ten planta rectangular dunha soa nave. A decoración da portada moldurada con orellas complétase cun nicho sobre o lintel, que alberga a imaxe do santo patrón da parroquia, e un óculo sobre a escultura.

32. Igrexa de Santiago de Novefontes: Igrexa parroquial do s.XVIII de estilo barroco, trátase dunha construción a base de sillares e cachotería de granito revogadas. A portada está ornamentada con molduras e o corpo de campás con vans de medio punto.

33. Muiños da Carballa: Constitúen un conxunto de dous muiños de auga de propiedade veciñal. Están situados na beira esquerda do río Lañas, nos Montes de Fao.

34. Pambal no Castro: Os pombais utilizábanse xeralmente para a cría de pombas, incluíndo tamén o seu consumo e o dos seus ovos. Adoitan ser edificacións de planta xeralmente cilíndrica e cuberta cónica, que presentan nas súas paredes multitude de cubículos para pombas.



















35. Pazo de Lobagueiras: Edificación do s.XVIII de estilo barroco e fábrica de sillares e cachotería. A súa planta rectangular é o resultado de diferentes engadidos posteriores. Na fachada destaca a escalinata e un patín de acceso directo á planta nobre. Todas as xanelas do edificio están decoradas con marqueado, ten un escudo nobiliario situado na fachada.

36. Pazo de Andeade: Tamén chamado A Casa Grande de Andeade, é un edificio do século XVIII fundado en 1724 por Don Pedro Antonio Vereca e Pacheco e Dona María Antonia Varela Lodeiro e Figueroa. Consta de todos os elementos característicos das construcións señoriais galegas: escudo, hórreo, pombal, lavadoiro, fonte decorativa e amplos xardíns. O conxunto natural compléao unha carballeira e a entrada ao pazo flanqueada por filas de bananeiros. A vivenda presenta unha planta rectangular e unha muralla con portalón de acceso que, xunto ás cuadras dos cabalos, a vivenda dos caseiros, o hórreo e a capela, conforman un patio pechado. A capela conserva no seu interior un retablo compostelán de estilo barroco.

37. Pazo de Dioño: É unha edificación do s.XVIII de planta rectangular e atópase rodeado de bosques, prados e viñedos. Conta ademais cun amplo espazo diante da casa e unha gran extensión de terreo pechada por un alto muro de pedra.

38. Campamento romano do Castrillón: Unha singular fortificación con características únicas no ámbito galego, e que os investigadores consideran que pode estar vinculada ao exército romano. Unha das principais hipóteses é que pode tratarse do primeiro castellum romano (pequeno posto militar) documentado na Galicia occidental.

39. Tributo aos Gaiteiros de Piloño: Triste suceso acontecido fai 55 anos en Ponte Besade. Os tres gaiteiros de Piloño, Henrique Silva, Carmelo Espiño e o seu fillo Xesús, volvían para a casa despois de tocaren na festa de Santiago de Novefontes, no concello de Touro, ían acompañados de tres romeiros veciños da parroquia de Salgueiros: Manuel Pampín Peiteado, Xosé Souto Ramos e Carlitos Parcero Navaza. Chegaron á Ponte Basebe para pasaren o Ulla ás tres da mañá, o barqueiro xa non estaba, embarcaron os ó na barca de Saturno, a forza terrible do caudal descontrolado fixo que perderan o fío. Dous dos gaiteiros, Henrique Silva e Carmelo Espiño, e mailo mozo Xosé Souto Ramos afogaron. E xa non houbo máis gaiteiros en Piloño. ([https://www.youtube.com/watch?v=fl2yuG8LKO4&ab\\_channel=GAITEIROSDOULLA](https://www.youtube.com/watch?v=fl2yuG8LKO4&ab_channel=GAITEIROSDOULLA))





## 5 O MAÑÁ ESTÁ NAS VILAS

Cando me licenciiei como arquitecta viviamos en tempos de crise, unha crise provocada porque venderamos as nosas vilas e cidades, venderamos os nosos espazos... Os plans urbanísticos non souberon dar respostas ás necesidades das persoas, creáronse vilas e cidades baseándose no valor do diñeiro. Iso provocou unha enorme crise social e financeira.

A crise comezaba a esquecerse... e as nosas vilas e cidades seguían igual, só acuñáramos un novo termo “feísmo”. Non aproveitáramos a oportunidade de repensalas, de buscar outros mecanismos para facelas e vivilas. E ante esta situación nacía no ano 2016 “A Vila do Mañá”, xurdía como un proxecto reivindicativo, porque necesitabamos que as vilas e cidades volvesen a ser nosas e sobre todo dos que serán os seus futuros habitantes: as nenas, nenos, mozas e mozos.

No 2020 os tempos de Pandemia, obrigáronnos a parar, parar o ritmo das nosas vilas e cidades, parar a vida urbana,... todo parou,... volvíamos a estar en crise, unha crise moi diferente, unha crise que fixo que por primeira vez na historia recente, o mundo parara, a actividade económica parase, que a vida nas nosas urbes se suprimira.

Eu cría que era o momento de parar e repensar o futuro urbano, que era o momento de apostar por un urbanismo para a xente, pensar noutro modelo de cidade, unha cidade sostible tanto social, como económica, como medioambientalmente.

A Pandemia comeza a esquecerse... e as nosas vilas e cidades seguen igual.

O reto do urbanismo de hoxe consiste en expor esoutra mirada, a do urbanismo dos afectos, en poucos casos conseguida, noutros perdida e na maioría ignorada. Esa mirada que recupera na cidade a escala próxima, a do día a día e crea o espazo, a contorna física e adecuada onde teñen cabida os outros espazos, os emocionais. Trátase de dar unha nova perspectiva, un novo enfoque, que altere a escala de valores, porque soamente o humano, xustifica o urbano.<sup>24</sup>

Adriana Bisquert

A día de hoxe, estou convencida que o urbanismo do futuro, a cidade do mañá, esa cidade sostible tanto social, como económica, como medioambientalmente, xa existe, e témolo o noso carón.

Considero que as vilas galegas, son o modelo ideal, do que pode ser un urbanismo sostible, son vilas de dimensión media, que se poden camiñar na súa totalidade en menos de quince minutos, cun gran vínculo coa súa contorna natural e unhas relacións entre a veciñanza que nas cidades non existen.













Creo que é o momento de deixar atrás termos como “feísmo” que nos fan mais mal que ben, e por en valor o que temos, e recuperar a nosa relación identitaria coas nosas vilas, e niso está a traballar “A Vila do Mañá”.

O futuro é o das vilas como as de Galicia<sup>6</sup>

Sandra González Álvarez

<sup>24</sup> Bisquert, Adriana. “Sostenibilidad afectiva” en: *Boletín CF+S, Especial MUJER Y CIUDAD*, no. 7, 1998. (Madrid: Instituto Juan de Herrera).

<sup>23</sup> Punzón, Carlos. (11 de Setembro de 2023). Sandra González, arquitecta “¡Feísmo! ¿Por qué hay que decir que lo nuestro es feo? Nos hace inferiores”. *La Voz de Galicia*. Recuperado de <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/2023/09/09/sandra-gonzalez-arquitecta-feismo-decir-feo-inferiores/00031694274767150642457>.







## SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

(Carballiño), Arquitecta pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña. Actualmente doutorando no Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Urbanismo da Universidade da Coruña e na Universidade Presbiteriana Mackenzie en São Paulo. Bolsa Iberoamericana de Investigación do Banco Santander 2017-2018.

No 2022 o seu proxecto “A Vila do Mañá” foi seleccionado para formar parte da XII BIAU (Bienal Iberoamericana de Arquitectura y Urbanismo).

Mención de honra nos Premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia 2020 pola rehabilitación das Antigas Vivendas dos Mestres de Rianxo.

Os seus proxectos: “A Vila do Mañá/La Ciudad del Mañana”, “FAB LAB na Coruña” xunto con “ARTEIXOworks” formaron parte dos contidos expositivos do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura).

Premiada en concursos de ámbito nacional e internacional:

\_ Mención de honra á categoría Metodoloxías no concurso Proxectos educativos Ludentia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade co proxecto “A Vila do Mañá”.

\_ Premio COAG XVII na categoría Proxecto Fin de Carreira co proxecto “FAB LAB na Coruña”.

\_ Mención de honra no concurso HYP CUP 2013 International Student Competition in Architectural Design co proxecto: “Stitches” Urban Environment Design (UED).

\_ Mención de Honra en 24H 5th edition. Aspace inspace. IdeasForward.

\_ 2º Premio no concurso III Steelcase para Estudiantes de Arquitectura 2013.

\_ 1º Premio no concurso de ideas DISTRITO ACTIVO, Arquitectos Sen Fronteiras Galicia e COAG

\_ 1º Premio AGP de Arquitectura, Asociación Galega de Pizarristas.

\_ 1º Premio INRS (Institut National de Recherche et Sécurité) Programa Internacional IACOBUS Rehabilitación do Patrimonio Europeo.

Dirección de cursos e talleres:

\_ 2016-2023. Creación, coordinación e dirección dos talleres de “A Vila do Mañá”: Arquitectura, Urbanismo e Paisaxe para a infancia e a mocidade, Rianxo, Bertami-ráns, Milladoiro, Verín, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Mondoñedo, Bueu, Carballo, Cambados, Vilagarcía de Arousa, Ferrol, Malpica, Buño, A Coruña (Liceo La Paz), Santiago de Compostela (Centro Sociocultural de Santa Marta e Biblioteca Pública Ánxel Casal), Arzúa, Silleda, Barbadás, Touro, As Pontes de García Rodríguez, Teixeira, Curtis, Vimianzo, Vigo (IES Alexandre Bóveda), Miño (Bemantes e Xarío) e São Paulo (Ocupação 9 de Julho).

\_ 2014-2017. Dirección dos cursos de verán da Universidade da Coruña: “ESTRA-TEXIAS DE REHABILITACIÓN”, nas súas catro edicións, Rianxo.

\_ 2012-2014. Dirección dos cursos de verán da Universidade da Coruña: “ESTRA-TEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise”, nas súas tres edicións, Carballo, Arteixo e Betanzos.

\_ 2011. Dirección do curso de verán da Universidade da Coruña e a Fundación Vicente Risco: “Vivenda e espazos de relación nos núcleos tradicionais de Galicia, CASAS, ALDEAS e PARROQUIAS”, Allariz.

É autora ou editora da múltiples artigos e publicacións.

Realizou relatorios e comunicacións en diferentes congresos e seminarios tanto nacio-nais como internacionais.

## A VILA DO MAÑÁ

A Vila do Mañá nace no 2016, é un proxecto en continuo desenvolvemento, ata o momento traballou con aproximadamente 9800 nenas, nenos, mozas e mozos de idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, e realizouse en Rianxo, Ames (Bertami-ráns e Milladoiro), Verín, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Mondoñedo, Bueu, Carballo, Cambados, Vilagarcía de Arousa, Ferrol, Malpica, Buño, A Coruña (Liceo La Paz), Santiago de Compostela (Centro Sociocultural de Santa Marta e Biblioteca Pública Ánxel Casal), Arzúa, Silleda, Barbadás, Touro, As Pontes de García Rodríguez, Curtis (Teixeiro e Curtis), Vimianzo, Vigo (IES Alexandre Bóveda), Miño (Bemantes e Xarío) e São Paulo (Ocupação 9 de Julho).

No 2022 A Vila do Mañá foi seleccionada para formar parte da XII BIAU (Bienal Iberoamericana de Arquitectura y Urbanismo).

Na súa traxectoria A Vila do Mañá formou parte do contido expositivo do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura), obtivo Mención de honra na categoría METODOLOXÍAS no concurso “Proxectos educativos” Ludantía. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade.

O traballo realizado en A Vila do Mañá, foi exposto e explicado nos seguintes congresos e seminarios:

\_ Il Xornadas de Innovación Docente. Universidade da Coruña, outubro 2017, A Coruña (España), organizado por UDC (Universidade da Coruña) e CUFIE (Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa).

\_ Seminário Internacional A DIMENSÃO SOCIAL DÁ FORMAÇÃO PROFISSIONAL, outubro 2017, São Paulo (Brasil), organizado por SASP (Sindicato dos Arquitetos no Estado de São Paulo), e FIAM- FAAM Centro Universitário.

\_ LUDANTIA I Bienal Internacional de educación en arquitectura para a infancia e a mocidade, maio 2018, Pontevedra (España), organizado por Concello de Pontevedra, COAG, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

\_ inquEDU. Falemos de Educación, maio 2018, Santiago de Compostela (España), organizado por Xunta de Galicia, Fundación Cidade da Cultura e Galicia Sustentable.

\_ I XORNADAS DE DIDÁCTICA DAS ARTES NA GALICIA DE HOXE: CREAR PARA EN-SINAR, setembro 2018, A Coruña (España), organizado por Real Academia Galega de Belas Artes, Conservatorio Superior de Música da Coruña, Conservatorio Superior de Música de Vigo, UDC (Universidade da Coruña), USC (Universidade de Santiago de Compostela) e Uvigo (Universidade de Vigo).

\_ 9th CHILD IN THE CITY WORLD CONFERENCE, setembro 2018, Vienna (Austria), organizado por Child in the City Foundation, Stadt Wien e WienXtra.

\_ We Are All Able Bodies: From Sensory Deprivation to Sensory Augmentation, novembro 2018, Madrid (España), organizado por Institute of Technology Faculty of Architecture, San Pablo CEU University Madrid, School of Architecture of University of Reading, e International Ambiances Network.

\_ 2º Congreso Mundial del Educación. EDUCA 2019. Innovación e Investigación Educativa, febreiro 2019, Santiago de Compostela (España) organizado por EDUCA y MIAC.

\_ INTED2019 (13th annual International Technology, Education and Development Conference), marzo 2019, Valencia (España) organizado por International Academy of Technology, Education and Development (IATED).

\_ 8th World Alliance for Arts Education International Conference, Luxor (Egipto) marzo 2019, organizado por Egypt Future Foundation for Heritage e World Alliance for Arts Education (WAAE).

\_ FIRA DE LA MOBILITAT SOSTENIBLE DEL VALLÈS, Sabadell (España) abril 2019, organizado por Diputació de Barcelona, Departament de Territori i Sostenibilitat de Generalitat de Catalunya, Ajuntament de Sabadell, Postcarcity e Moventia.

\_ WCCA2019 - XII Congresso Mundial de Comunicação e Artes, Salvador de Bahia (Brasil) abril 2019, organizado por Organização de Pesquisas em Educação e Ciência (COPEC), Organização Mundial em Comunicação e Artes (WCCA) e Universidade do Estado da Bahia (UNEB).

\_ 56th International Making Cities Livable Conference on A Healthy City for ALL, Portland (Estados Unidos de América) xuño 2019, organizado por International Making Cities Livable LLC (IMCL).

\_ 2019 International AVP Conference, Melbourne (Australia) xuño 2019, organizado por Association for Visual Pedagogies (AVP) e RMIT University.

\_ InSEA World Congress, Vancouver (Canada) xullo 2019, organizado por MAKING INSEA, The University of British Columbia, Canadian Society for Education through Art (CSEA), The Department of Art History, Visual Art & Theory (AVHA), Vancouver Art Gallery (VAG) e United States Society of Education through Art (USSEA).

\_ EDULEARN19 (11th annual International Conference on Education and New Learning Technologies), Palma de Mallorca (España) agosto 2019, organizado por International Academy of Technology, Education and Development (IATED).

\_ 7TH CONFERENCE OF THE INTERNATIONAL SOCIETY FOR CHILD INDICATORS, Tartu (Estonia) agosto 2019, organizado por The International Society for Child Indicators (ISCI) e University of Tartu.

\_ Art in Education – Building Partnerships with Artists, Schools, Young People and Communities, Oslo (Noruega) agosto 2019, organizado por OSLOMET (Oslo Metropolitan University) e The Research Council of Norway (NFR).

\_ 2019 SAEK International Conference, Imaging Social Innovation: Expanding the Social Role of Art Education, Seúl (Korea) setembro 2019, organizado por SAEK (Society for Art Education of Korea).

\_ I Ágora Internacional. Educación. Investigación. Empleo 2019, Badajoz (España) setembro 2019, organizado por Universidad de Extremadura e Junta de Extremadura.

\_ InSEA SEMINAR- Art Education: Conflicts and Connections, Malta outubro 2019, organizado por InSEA (The International Society for Education through Art), IMAE (International Masters Artist Educator - ArtEZ University of Arts), Arnhem The Netherlands e MUZA (The Malta National Community Art Museum).

\_ EIRPAC. 3ª Encontro Internacional de Reflexão sobre Práticas artísticas Comunitárias, O Porto (Portugal) setembro 2019, organizado por Faculdade de Belas Artes da Universidade do Porto, Universidade de Évora, ESMAE (Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo), Faculdade de Ciências Humanas Católica Lisboa e Universidade Lusófona do Porto

\_ V ENCUESTRO CULTURA Y CIUDADANÍA: Espacio Público: Hacer/Rehacer, Madrid (España) outubro 2019, organizado por Ministerio de Cultura y Deporte Gobierno de España.

\_ URBANBAT: CIUDADES y CUIDADOS (HIRIAK eta ZAINTZAK), Bilbao (España) novembro 2019, organizado por urbanbat, Deputación Foral Bizkaia e Concello de Bilbao.

\_ V Congreso Internacional Arquitectura e Género | ACCIÓN. Feminismos y la espacialización de las resistencias, Lisboa (Portugal) abril 2021, organizado por w@arch.pt, \_ISCSP (Instituto Superior de Ciências Sociais e Políticas) e CIEG (Interdisciplinary Centre for Gender Studies).

\_ Congreso Europeo: Seamos Radicales, Baeza (España) xullo 2021, organizado por InSEA (The International Society for Education through Art), AASA (Asociación Cultural de Acción Social y Arte), HUM 862 Estudios en Sociedad, Artes y Gestión Cultural e UNIA (Universidad Internacional de Andalucía).

\_ II Congreso Internacional CIVARTES (Congreso Internacional Virtual de Artes). Disolver fronteras para el entendimiento: las artes y la educación como catalizadores, junio de 2022, organizado por la Asociación Cultural Acción Social y Arte, AASA, en colaboración con el grupo de Investigación HUM-862, de la Univerisdad de Jaén, España.

\_ I Congreso Nacional: Mujeres y Arquitecturas. Hacia una profesión igualitaria, Zaragoza (España) octubre 2021, organizado por Universidad de Zaragoza, Proyecto de investigación MuWo, Ministerio de Ciencia e Innovación del Gobierno de España, Instituto de las Mujeres y para la Igualdad de Oportunidades, Secretaría de Estado de Igualdad del Ministerio de Igualdad del Gobierno de España e Fundación ARQUIA.

\_ Primer Congreso Feminista sobre Arquitectura y Cuidados. CUIDADOS, Madrid (España) setembro 2021, organizado por Universidad Politécnica de Madrid, Instituto de las Mujeres del Ministerio de igualdad e MACA (Máster en Comunicación Arquitectónica).

\_ Architectonics: Mind, land and society. 20th International Conference. Environmental urban (digital) design education: The bauhaus case and the interplay between mind, land and society, Barcelona (España) xuño 2022, organizado por ETSAB (Escola Tècnica Superior d'Arquitectura de Barcelona), GIRAS (Grup Internacional de Recerca en Arquitectura i Societat), UNICEF Ciudades Amigas de la Infancia, Generalitat de Catalunya e COAC (Col·legi d'Arquitectes de Catalunya).

\_ I Congreso Internacional GADU (Género, Arquitectura, Diseño y Urbanismo), Buenos Aires, (Argentina), outubro de 2022, organizado por programa GADU, Instituto de la Espacialidad Humana (IEH), e FADU UBA (Facultad de Arquitectura, Diseño y Urbanismo de la Universidad de Buenos Aires, Argentina).

\_ EURA 2023, Reykjavík (Islandia), xuño de 2023, organizado por EURA (European Urban Research Association), University of Iceland, City Council Reykjavík e Government of Iceland Ministry of Infrastructure.

\_ INSURGÊNCIAS, Rio de Janeiro (Brasil), setembro de 2023, organizado por Placemaking América Latina e Festival Internacional de Intervenciones Urbanas (FIU).

Os resultados obtidos na rúa co proxecto A Vila do Mañá foron publicados nos seguintes libros:

\_ González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, RIANXO. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Apatrigal.

\_ González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, AMES. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

\_ González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, RIVEIRA. La Ciudad del mañana LUDANTIA. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

\_ González Álvarez, Sandra. (2018). A Vila Do Mañá. En LUDANTIA – I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e a Mocidade (pp. 334-337). Pontevedra, España: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia / ProxectoTERRA.

\_ González Álvarez, Sandra. (2018). A Vila Do Mañá. En LUDANTIA – Relatorios I: Experiencias educativas no espazo público (pp. 87-93). Pontevedra, España: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia / ProxectoTERRA.

\_ González Álvarez, Sandra e López Bahut, Emma. (2018). A Vila Do Mañá: Aprendiendo enseñando. En Contextos universitarios transformadores: Retos e ideas innovadoras (pp. 183-192). A Coruña, España: Universidade da Coruña.

\_ González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, FERROL. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

\_ González Álvarez, Sandra (2019). A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Concello de Vilagarcía de Arousa.

\_ González Álvarez, Sandra. (2019). Learning by teaching and learning by playing: "The City of Tomorrow / A Vila Do Mañá. En INTED – Exploring New Frontiers in Education (pp. 5800-5809). Valencia, España: IATED Academy.

\_ González Álvarez, Sandra. (2020). Education, art and architecture with children at risk of exclusion. En Art Education: Conflicts and Connections (pp. 158-177). Viseu, Portugal: InSEA Publications.

\_ Michałowski, Piotr. (2020). Social Aspects Of Arts In Rural Areas. En Arts in rural areas (pp. 18-28). Bruselas, Bélgica: IETM- International network for contemporary performing arts.



\_González Álvarez, Sandra. (2020). Buscando “La Ciudad Del Mañana / A Vila Do Mañá. En A Busca do Comum – Práticas Artísticas Para Outros Futuros Possíveis (pp. 92-98). Porto, Portugal: i2ADS – Instituto de Investigação em Arte, Design e Sociedade.

\_González Álvarez, Sandra. (2020). From the Academy to the Street: The City of Tomorrow/A Vila Do Mañá. En International Journal of Creativity and Innovation in Humanities and Education (Vol. 3, Issue 2, pp. 62-80). El Cairo, Egipto: Instituto Italiano di Cultura.

\_González Álvarez, Sandra (2020). A VILA DO MAÑÁ, en tempos de Pandemia, ARZÚA na nova Normalidade. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Deputación da Coruña.

\_González Álvarez, Sandra. (2021). How Can We Recover the Identity of the City? Workshops of “The City of Tomorrow/A Vila Do Mañá”. En Cities’ Vocabularies: The influences and Formations (pp. 189-212). Cham, Suiza: Editorial Springer.

\_González Álvarez, Sandra. (2021). La ciudad como herramienta de aprendizaje: «A Vila do Mañá». En Experiencias disruptivas en entornos educativos (pp. 179-194). Barcelona, España: Ediciones Octaedro.

\_González Álvarez, Sandra (2021). A VILA DO MAÑÁ, CARBALLO. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Concello de Carballo.

\_González Álvarez, Sandra. (2022). Vila do Amanhã. En Cidade, Gênero e Infância (pp. 242-259). São Paulo, Brasil: Romano Guerra Editora e Pistache Editorial. Premiado nos 24<sup>o</sup> Premiação IABsp 2022 (Instituto de Arquitetos do Brasil).

\_González Álvarez, Sandra. (2023). A Vila do Mañá. En ARQUITECTONICS, mind, lab and society (pp. 45-66). Barcelona, España: Universitat Politècnica de Catalunya.

